

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0XT	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-06-16 09:11

Número 20.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato "Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017 á empresa CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS SOC COOP."

Destinatario

15078DCMG10I0XTV



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 10 de xuño de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 20 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "SERVIZO PARA A POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PARA O ANO 2017 Á EMPRESA CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS SOC COOP."

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de xuño de 2016, da concelleira delegada de Economía e Facenda. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, n° 2016/307 da mesma data.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**María Rozas Pérez**, concelleira delegada de economía e facenda, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 27 de maio de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS SOC COOP.



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10IOXT	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-06-16 09:11

Segundo: Con data 9 de xuño, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas reunións da correspondente mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CIDADANIA REDE DE APLICACIONES SOCIAIS SOC COOP**, que oferta realizar os traballos por un importe de 56.000 euros (IVE aparte 21%: 11.760 euros), ó ser a única proposta presentada e cumprir os requirimentos do prego técnico de aplicación.

Así mesmo, compromete como mellora un alcance de participación presencial do 50'75%.

Designase como responsable do contrato a D. Jesús Noya Liste, técnico da oficina de orzamentos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 93100 22799."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "**Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017**", a favor da empresa **CIDADANIA REDE DE APLICACIONES SOCIAIS SOC COOP**, que oferta realizar os traballos por un importe de 56.000 euro, (IVE aparte 21%: 11.760 euros), ao ser a única proposta presentada e cumprir os requirimentos do prego técnico de aplicación.

Así mesmo, compromete como mellora un alcance de participación presencial do 50'75%.



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0XT	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-06-16 09:11

Designase como responsable do contrato a D. Jesús Noya Liste, técnico da oficina de orzamentos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 93100 22799.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesus Duro Fernández

